


CONQUISTA PISAPOLIS

Un forno solar caseiro

Carolina construíu un forno solar co que pode preparar todo tipo de pratos. O seu funcionamento é moi sinxelo: introdúcese dentro da caixa de madeira o prato que se quere cociñar, colócase a tapa de vidro, ponse o forno ao sol e agárdase a que a temperatura no interior da caixa aumente.



- 1 Que dúas formas de enerxía interveñen neste invento? De onde proceden?
- 2 Clasifica nunha táboa os materiais que usou Carolina para a construción do seu forno solar segundo sexan opacos, transparentes ou translúcidos.
- 3 Cara a onde cres que debe apuntar o espello? Debuxa no teu caderno un esquema do forno solar e engade a traxectoria que seguen os raios do sol cando chegan a cada un dos materiais que forman o forno. Indica cales deles reflicten a luz e cales non.
- 4 Ordena estes materiais segundo a súa capacidade de transmisión da calor.
Papel de aluminio madeira porexpán vidro
- 5 O interior da caixa de madeira está recuberto por placas de porexpán, e estas, á súa vez, por láminas de aluminio. Por que se colocaron os tres materiais nesta orde?
- 6 Que pasa se se levanta a tapa de vidro? Explica a función que desempeña o vidro neste forno solar e compáraa coa función que desempeñan os cristais das xanelas nas casas.
- 7 Con que forma de enerxía adoita funcionar o forno das casas?
 - a. Lumínica ou sonora.
 - b. Química ou eléctrica.
 - c. Eléctrica ou lumínica.
 - d. Química ou lumínica.